

## **QUE XESTIÓN CLÍNICA QUERES? A QUE PRIVATIZA E RECORTA, OU A QUE CHE DÁ VOZ?**

Na literatura científica enténdese a Xestión Clínica coma a ferramenta que permite xestionar a sanidade coma unha empresa do coñecemento, coa participación activa das e dos profesionais, para acadar os mellores resultados baseándose na evidencia científica.

Na Consellaría de Sanidade do PP enténdese a Xestión clínica coma a oportunidade perfecta para diminuír prestacións sanitarias, transferindo ao persoal a responsabilidade da política de recortes, a cambio de melloras nas súas retribucións.

Esas retribucións deberían ser acordes coa responsabilidade que se asume, coa entrega e dedicación, coa posta a disposición do sistema dos coñecementos técnicos científicos, que en verdade é o que engade valor á Sanidade Pública.

Desde a **CIG-SAÚDE** apoiamos a Xestión Clínica coma esa ferramenta, indispensable no Sistema Sanitario Público, onde as/os traballadoras/es teñan unha participación real na toma de decisións, e non unha decisión baseada na chantaxe e nos intereses do goberno que xa sabemos que son:

- Dar participación ao capital privado para xestionar a sanidade pública, creando empresas mixtas, nas que as xefaturas serán nomeadas a dedo.

- Modificar a lexislación laboral para que o persoal perda a condición de estatutario. Creando vínculos de persoal laboral que poden ser despedidos, segundo a reforma laboral do PP. regulada no **Real Decreto 1483/2012**, do 29 de outubro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada:

### *CAPÍTULO I Normativa aplicable*

**Artigo 34.** *Normativa aplicable aos procedementos de despedimento colectivo por causas*

*económicas, técnicas, organizativas ou de produción no sector público.*

A **CIG-SAÚDE** seguirá apostando nunha xestión clínica participativa, sen privatizacións nin recortes. Tal e como veu defendendo todo este tempo.



**contigo a**  
**SANIDADE PUBLICA**  
**ten futuro**